

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN DO CONCELLO DE FORCAREI
CELEBRADA O DÍA 20 DE OUTUBRO DE 2016.**

ASISTENTES	
	GRUPO POLÍTICO
ALCALDESA:	
D ^a Belén Cachafeiro Anta.	PP
CONCELLEIROS:	
D. Ricardo Villaverde Iglesias.	PP
D. Vicente Búa Martínez.	PP
D ^a María Jesús Sineiro Vidal.	PP
D. Alejo Vidal Moreno.	PP
D. José Francisco Bouzas Vázquez	PP
D ^a . Ana Isabel Doval Fraiz.	PS de G -PSOE
D. José Manuel Álvarez Sanmartín	PS de G -PSOE
D ^a María Abilleira Pomar.	F.F
Falta previa excusa:	
D. Miguel Pereira Fernández	PS de G -PSOE
D. Roberto Jorge Correa.	BNG
SECRETARIA:	
D ^a . M ^a Elena Sueiro Fernandez	

En Forcarei a 20 de outubro de 2016, xoves, sendo as doce horas e tres minutos no Salón de Plenos da Casa Consistorial, previa convocatoria para o efecto, reúnense, en primeira e pública convocatoria, os señores concelleiros que se relacionan na marxe, co obxecto de celebrar sesión ordinaria do Pleno da Corporación do Concello de Forcarei.

A tódolos asistentes entregóuselles copia da orde do día, cos asuntos para tratar, poñéndose á súa disposición o expediente da sesión e cumprindo os trámites esixidos pola normativa vixente.

Estando presente o quórum necesario, pola Sra. Presidenta declárase validamente constituída a sesión.

Pásase a continuación a trata-los seguintes asuntos incluídos na orde do día:

1.- LECTURA E APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS ACTAS DAS SESIÓNS ANTERIORES DE DATAS 26/08/2016, 30/08/2016, 07/09/2016 E 29/09/2016.

A Sra. Alcaldesa da conta do borrador da acta correspondentes á data sinalada na orde do día, preguntando se algún membro da Corporación desexa formular observacións ou rectificacións ás mesmas.

Dña. María Abilleira Pomar, concelleira de F.F, indica que na acta do día 26/08/2016, no punto 9, rogos e preguntas, na pregunta referente ós contratos de patrocinio, non dixo o termo empresas, senón entidades deportivas, quedando a pregunta redactada do seguinte xeito:

“Quere saber que criterios se seguiron para aprobar o contrato de patrocinio con Racing Motor, xa que considera que hai outras entidades deportivas que tamén teñen relación directa cos veciños de Forcarei.”

Sometidas a votación, son aprobadas, ca corrección indicada, por unanimidade de membros presentes, as seguintes actas: actas das sesións do pleno da corporación de datas 26 de agosto de 2016, 30 de agosto de 2016, 7 de setembro de 2016 e 29 de setembro de 2016.

2.- DACION DE CONTA RESOLUCIÓNS E DECRETOS DE ALCALDÍA.

Pola Presidencia enténdese dada conta destas resolucións que, xunto coa súa relación, estiveron a



disposición dos Sres. Concelleiros dende a convocatoria da sesión, correspondentes ós meses de xuño e setembro de 2016, quedando enterada a Corporación Municipal.

3.- DACION DE CONTA DAS ACTAS DA XGL.

Dáse conta das actas da Xunta de Goberno Local seguintes, quedando enterada a Corporación Municipal:

Nº ACTA	DATA
17/16	28/07/16
18/16	11/08/16
19/16	19/08/16
20/16	25/08/16
21/16	31/08/16

4.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ADDENDA PARA A MODIFICACIÓN DO CONVENIO MARCO DE COLABORACIÓN ENTRE A ADMINISTRACIÓN XERAL DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA, A TRAVÉS DA CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E ORDENACIÓN DO TERRITORIO E A FEDERACIÓN GALEGA DE MUNICIPIOS E PROVINCIAS EN MATERIA DE XESTIÓN DE RESIDUOS E APARELLOS ELÉCTRICOS E ELECTRÓNICOS.

Pola Sra. Alcaldesa exponse que xa no pleno de abril o Concello adheriuse a este convenio, e que agora se pon en coñecemento do Concello que con data 6 de setembro aprobouse unha addenda modificándoo, polo cal o concello debe solicitar a adhesión ó convenio modificado pola addenda de 6 de setembro.

Sometido o asunto a votación resulta aprobado por unanimidade de membros presentes que supón maioría absoluta legal de número de membros da corporación o seguinte acordo:

1º. Adherirse CONVENIO MARCO DE COLABORACIÓN ENTRE A ADMINISTRACIÓN XERAL DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA, A TRAVÉS DA CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E ORDENACIÓN DO TERRITORIO E A FEDERACIÓN GALEGA DE MUNICIPIOS E PROVINCIAS, EN MATERIA DE XESTIÓN DE RESIDUOS DE APARELLOS ELÉCTRICOS E ELECTRÓNICOS, MODIFICACDO POLA ADDENDA DE DATA 6 DE SETEMBRO DE 2016.

2º. Declarar expresamente que se aceptan todas as condicións do presente convenio.

3º. Facultar á Sra. Alcaldesa, Dna. Belén Cachafeiro Anta para representar ó Concello en todo o relacionado co convenio.

5.-MOCIÓN.

Non se presenta ningunha.

6.-ROGOS E PREGUNTAS

A Voceira do PSOE, Dª Ana Doval Fraiz, fai os seguintes:

- Vendo os decretos e resolucións da Alcaldía xúntanse nove meses de reparos ás facturas de mantemento de alumeados públicos e subministrados ¿Cando se van licitar? .



- Hai tres plenos a Alcaldesa dixo que cando tivese dispoñibles as brigadas ían acometer as melloras acordadas cos veciños nas Devesas de Arriba ¿Cando se van facer? .

- Roga que cando sexa posible se acometa unha pequena mellora no camiño de Morgade, xa que logo se atopa moi deteriorado, e é unha vía necesaria ó ser o único acceso ó pobo.

- Roga que se faga un estudio de como reducir a produción de residuos impropios, porque todo apunta a que cando esté en marcha a Directiva comunitaria en 2017-2018 vaise penalizar ós concellos que non reciclen ben.

A Sra. Alcaldesa di que xa están a traballar no tema de como reducir os residuos impropios, porque é un tema que preocupa a todos, e está encantada de que a oposición queira colaborar. En canto á mellora do camiño indica que hai moitos no concello, e que se fará tan pronto se poida. En canto ós contratos reparados indica que por ela que se contraten xa, preguntando Ana Doval cando será eso, e contestando a Sra. Alcaldesa que non sabe; Dna. Ana Doval indica que ten que ser a Alcaldesa a que marque as prioridades, contestando a Sra. Alcaldesa que xa o fai, e que agora mesmo foron o envío da Conta xeral en prazo, o pago de facturas para cumprir o PMP e os prazos para enviar o PMP, e que quere que conste en acta que non está a retrasar as contratacións. En canto a enviar ás brigadas á Devesa de Arriba indica que cando poidan irán, indicando Dna. Ana Doval que que eso xa o dixo hai tempo, e que ían ir xa no verán; a Sra. Alcaldesa sinala que irán cando poidan, que hai cousas urxentes, respostando Dna. Ana Doval que non se trata de urxencias, senón de previsións.

Dna. María Abilleira Pomar, concelleira de F.F, realiza as seguintes preguntas.

-¿Por qué a técnico en urbanismo renunciou á coordinación e á dirección da obra do aparcadoiro público?

A Sra. Alcaldesa resposta que ela non o sabe, que llo pregunte á técnico, e corta o debate.

E non tendo outros asuntos que tratar a Sra. Alcaldesa-Presidenta da Corporación, levanta a sesión, sendo as doce horas e quince minutos, co que se da por rematado o acto, estendéndose a presente acta que asina a Sra. Alcaldesa-Presidente, conmigo Secretaría, de todo o canto eu, dou fe.

Vtº e Pº
A Alcaldesa,
Asdo: Beñán Cachafeiro Aña.



A Secretaría,
Asdo: Mª Elena Spelín Semánder.

